

Unha tarde xenial

Xoán ten a mellor xeadaría do mundo. Non é a máis grande, nin a más bonita, pero teñen os xeados más fantásticos que poidas imaxinar. E de todos os sabores posibles! Vainilla, chocolate, nata, amorodo, limón, turrón, abelá, iogur... O paraíso das larpeiradas!


O verán pasado, por culpa dun raio, quedaramos sen luz no barrio toda a fin de semana. Era divertido cear á luz das candeas e ir polos sitios con lanternas, pero non funcionaban as neveiras, nin os ventiladores, nin os aparellos de aire acondicionado.

Xoán, preocupadísimo, non paraba de decir:

—Se non volve a luz, vanse derreter todos os xeados!

Chegou o domingo e a luz non volvía. A media tarde, o home colgou na porta da xeadaría un cartel que dicía: «Xeados gratis». Non cómpre decir que, nun santiamén, todo o barrio se amoreou onda a xeadaría...

Non sei que fixeron os demais, pero eu probei todos os sabores! Foi unha tarde xenial... A dor de barriga que sufrín aquela noite é outra historia!



1 Escribe V (verdadeiro) ou F (falso), segundo corresponda.

- A xeadaría de Xoán é a más grande e a más bonita do mundo.
- A xeadaría de Xoán é a mellor do mundo.
- Nesta xeadaría hai uns xeados fantásticos.
- Nesta xeadaría non hai moitos sabores para elixir.

